

Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **31 de maio de 2022** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

VIII.- Recurso de reposición presentado contra a resolución de clasificación do MVMC "Da Bergueira", no concello de Amoeiro.

No citado recurso o recorrente, José Antonio Fernández Castiñeiras, afirma en primeiro lugar que hai un erro material na descrición da servidume de acceso a súa vivenda, xa que grava a parcela 7 do polígono 69 cando debería gravar a parcela 456 do polígono 69.

O Xurado acorda estimar dita alegación, na medida en que a parcela 7 do polígono 69 está enclavada nos terreos do monte, polo que non pode dar servizo ao exterior do mesmo.

Por outro lado, dita parcela 7 do polígono 69 foi incluída nos terreos do monte veciñal cando de acordo coas pretensións do recorrente debería figurar como enclavado xa que forma parte da vivenda titularidade do mesmo (xunto coa parcela con referencia catastral 001001100NG89A0001HU). Con relación ás citadas alegacións, a CMVMC da Bergueira manifestou a súa conformidade.

De acordo co informe do Servizo de Montes do día 18 de marzo de 2022, dita parcela é unha parcela urbana construída sen división horizontal e 303 m2 de superficie, con uso principal residencial (82 m2) e unha subparcela de 237 m2 destinada a labor o labradío secano. É dicir, trátase do que comunmente se coñece coma "finca da casa" (zona adxacente de xardín e horta), coa particularidade de que a parcela contén un recinto tipificado catastralmente coma construción que, en realidade, correspóndese cunha parte da planta da vivenda; do que se deduce, en última instancia, unha incorrección catastral polo feito de segregárense en dúas partes (a 001001100NG89A0001HU e mailo recinto construído da 32003A069000070001UQ) unha vivenda que realmente non se atopa dividida.





O Xurado Provincial, tendo en conta o informe do Servizo de Montes así como a conformidade da CMVMC, acordou que a parcela 7 do polígono 69 resulte excluída dos terreos do monte veciñal, debendo figurar como enclavada.

Vº. e praxe

O Presidente do Xurado

Luis Jorge Álvarez Ferro

Ashado por: ALVAREZ FERRO, LUIS JORGE
Cargo: Xefe territorial
Data e hora: 25/08/2022 12:17:39

Ashado por: RODRÍGUEZ JIMÉNEZ, IVÁN
Cargo: Xefe de Sección do Servizo Xurídico-Administrativo
Data e hora: 24/08/2022 13:53:23

CVE: TYWMDpVcTtK6
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

EDICTO do 3 de febreiro de 2022, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución do expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Da Bergueira, a favor dos/das veciños/as da Bergueira, na parroquia de Trasalba (San Pedro), no concello de Amoeiro (Ourense).

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar o 23 de novembro de 2021, adoptou a seguinte resolución:

Examinado o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Da Bergueira, a favor dos veciños/as da Bergueira, na parroquia de Trasalba (San Pedro), no concello de Amoeiro (Ourense), resultan os seguintes feitos:

Primeiro. Con data do 24 de outubro de 2016, tivo entrada no rexistro da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural escrito, dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, da Asociación de Veciños Xuntanza-Bergueira, en que solicitaba a clasificación como veciñal en man común de varias parcelas denominadas Da Bergueira.

Segundo. Con data do 2 de setembro de 2020, o Xurado Provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designando instrutor e realizando as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período dun mes para a práctica de alegacións.

Terceiro. Contra o acordo de inicio do procedemento presentaron escrito de alegacións varios interesados. Por unha parte, Antonio Almansa González indicou que a parcela 14 do



polígono 69, incluída na solicitude de clasificación, invade a súa propiedade, e presentou outro escrito en que expón que é o propietario da parcela 4 do polígono 69, incluída como estremeira no procedemento de constitución do MVMC da Bergueira. Neste segundo caso enténdese que o alegante está manifestando a súa desconformidade coa representación gráfica catastral do perímetro estremeiro entre os terreos do monte obxecto da solicitude de clasificación e as parcelas propiedade da persoa que alega.

O Servizo de Montes informou a este respecto que o monte se identifica cos datos das parcelas catastrais que se achegan coa solicitude. No informe do Servizo de Montes utilizáronse os datos catastrais das súas superficies e cartografía.

Por outro lado, José Antonio Fernández Castiñeiras, Ramón Álvarez Castiñeiras e José Manuel Álvarez Castiñeiras presentaron un escrito de alegacións en que fan constar que a parcela 7 do polígono 69 non está encravada dentro do monte veciñal senón que é estremeira, de xeito que o predio nº 2 tería como lindeiro, entre outros, polo norte, sur e oeste, o predio da súa propiedade e o camiño público que dá acceso a esta.

Tamén María José Gil Francisco presentou un escrito de alegacións en que afirma que a parcela 7 do polígono 69 non está encravada senón que é estremeira.

Os solicitantes comunicaron, na sesión do Xurado Provincial de MVMC do 23 de novembro de 2021, que aceptan as alegacións realizadas por Antonio Almansa González no relativo á exclusión da parcela 14 do polígono 69. Con respecto ao escrito presentado por José Antonio Fernández Castiñeiras, Ramón Álvarez Castiñeiras e José Manuel Álvarez Castiñeiras, afirman que eses terreos teñen carácter veciñal pero os alegantes teñen recoñecida unha servidume de paso para poderen acceder á súa vivenda.

O Xurado Provincial, examinado o expediente e as consideracións dos comparecentes, acordou a clasificación do monte veciñal tendo en conta as manifestacións realizadas polos representantes veciñais e realizando, polo tanto, as modificacións oportunas derivadas delas.

Cuarto. O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación existente no expediente, descríbese así:

Nome do monte: Da Bergueira.

Superficie: 8,55 ha.

Pertenza: veciños/as da Bergueira.



Parroquia: Trasalba (San Pedro).

Concello: Amoeiro.

Descrición dos predios que constitúen o monte:

A solicitude inclúe a parcela catastral 324 do polígono 65, que non figura actualmente no Catastro, polo que estes terreos non se inclúen na tramitación dos terreos que se clasifican.

Predio 1:

Estes terreos incluídos na solicitude constitúen un único couto redondo, segundo a definición que figura no artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, aínda que está atravesado por estradas locais sen referencia catastral.

Parcelas obxecto de clasificación			Parcelas estremeiras		
Concello	Polígono	Parcelas	Lindeiros	Polígono	Parcelas
Amoeiro	65	314-316	Norte	Estrada local sen referencia catastral	
				68	338
	67	8-56	Leste	Estrada local sen referencia catastral	
				65	312-311-315-317
	68	317	Sur	Estrada local sen referencia catastral	
				67	57-58-6
	69	1	Oeste	Estrada local sen referencia catastral	

Predio 2:

Estes terreos incluídos na solicitude constitúen un único couto redondo, segundo a definición que figura no artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, aínda que está atravesado por estradas locais sen referencia catastral e polos camiños correspondentes ás parcelas catastrais 9006 e 9001 do polígono 68.

Parcelas obxecto de clasificación			Parcelas estremeiras		
Concello	Polígono	Parcelas	Lindeiros	Polígono	Parcelas
Amoeiro	67	14	Norte	69	20-19-15-12-13-11-10-9-400-401-9005-436-435-434-432-430-428-455-427-426-425-423-424-422-421-420-419-416-413-412-411-418-188-189-191-192-193-194-198-398-397-396-243-356
			Estrada local sen referencia catastral		



Parcelas obxecto de clasificación			Parcelas estremeiras			
Concello	Polígono	Parcelas	Lindeiros	Polígono	Parcelas	
			Leste	69	357-439-453-454-451-450-449	
				68	9001-252-246	
	68	223 229 273 322	Sur	68	245-244-243-241-240-9007-250-251-159-9006-230-226-227-233-232-231-001002000NG89A0001QU-222-221-335-334-335-001002500NG89A0001MU	
				69	461	
				Estrada local sen referencia catastral		
	69	7 (servidume de paso propietarios vivenda) 456	Oeste	69	458-5-6	
				67	513-511-512-539-001000400NG89A0001 EU-515-514-518	
				Estrada local sen referencia catastral		

Predio 3:

Estes terreos incluídos na solicitude constitúen un único couto redondo, segundo a definición que figura no artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, aínda que está atravesado por unha estrada local sen referencia catastral.

Parcelas obxecto de clasificación			Parcelas estremeiras		
Concello	Polígono	Parcelas	Lindeiros	Polígono	Parcelas
Amoeiro	67	508 527	Norte	67	9004
				69	35
			Leste	69	36
	69	37	Sur	67	509
			Oeste	67	525-526-528

Predio 4:

Parcelas obxecto de clasificación			Parcelas estremeiras		
Concello	Polígono	Parcelas	Lindeiros	Polígono	Parcelas
Amoeiro	67	297	Norte	67	296
			Leste e sur	67	9003
			Oeste	67	298



Predio 5:

Parcelas obxecto de clasificación			Parcelas estremeiras		
Concello	Polígono	Parcelas	Lindeiros	Polígono	Parcelas
Amoeiro	67	695	Norte	67	696-694-693
			Leste e sur	Estrada local sen referencia catastral	
			Oeste	67	706

Predio 6:

Parcelas obxecto de clasificación			Parcelas estremeiras		
Concello	Polígono	Parcelas	Lindeiros	Polígono	Parcelas
Amoeiro	65	358	Norte	Estrada local sen referencia catastral	
			Leste	65	9010
			Sur e oeste	65	359

Fundamentos de dereito:

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei «son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente, en réxime de comunidade sen asignación de cotas, os membros daquelas na súa condición de veciños».

Terceiro. É reiterada doutrina da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa, correspondendo constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña gozando ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense.



Cuarto. O carácter de monte veciñal en man común está acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes, as actuacións realizadas polo Servizo de Montes e a documentación que consta no expediente.

En consecuencia co que antecede, examinada a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, e demais normativa legal e regulamentaria, o Xurado Provincial, por unanimidade dos seus membros,

RESOLVE:



Clasificar como monte veciñal en man común o monte denominado Da Bergueira, a favor dos veciños/as da Bergueira, na parroquia de Trasalba (San Pedro), no concello de Amoeiro (Ourense), de acordo coa descrición realizada no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 3 de febreiro de 2022

Luis Jorge Álvarez Ferro
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais
en Man Común de Ourense





Xacobeo 21-22
XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
 Servicio de Montes de Ourense

CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NA RESOLUCIÓN DO X.P. DE MONTES DE OURENSE DE DATA 23/11/21, NA QUE SE CLASIFICA COMO MVMC O "MONTE DA BERGUEIRA", NA PARROQUIA DE SAN PEDRO DE TRASALBA, NO CONCELLO DE AMOIRO.

- LENDAS**
- TERREOS INCLUIDOS NA SOLICITUDE
 - ZONA DE SERVIDUME
- PARCELA**
- PARCELAS DO POLÍGONO 65 DE AMOIRO
 - PARCELAS DO POLÍGONO 67 DE AMOIRO
 - PARCELAS DO POLÍGONO 68 DE AMOIRO
 - PARCELAS DO POLÍGONO 69 DE AMOIRO
 - RESTO DE PARCELAS CATASTRAIS

ESCALA 1:2500 MARZO DE 2022

SISTEMA DE REFERENCIA ETRS89

COORDENADAS UTM

FUSO 29

BASE CARTOGRÁFICA: FNOA 2017 E CARTOGRAFÍA VECTORIAL DA "DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO" ACTUALIZADA A XANEIRO DE 2019